

# A Nosa Terra



BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1916

PREZOS DE SUSCRICIÓN

No Cruña, o mes. 40 cts.  
fora. » 50 »

Costa d'un número 10 »

Número 1

— Redacción —  
e administración:  
CANTÓN GRANDE  
— 16, BAIXO —

A CRUÑA

14 NOVEMBRE

## A BANDEIRA ERGUEITA

Fundar e soste as escolas en Galicia é obra santa, patriótica. Mais axudar a vida d'este boletín, é corolario obrigado d'aquelas iniciativas loudables. As escolas son pr'os nenos, o boletín, tral-a xustanza dos enxebres, despertará o sentimento y-o pensamento da mocidade que comenza a xurdir na loita. A nosa terra perleza un boletín, xa que huxtra o d'agora hai xornales e revistas de gallegos, mais huxtra un soyo de Galicia, esquirto en gallego y-en Galicia, pra Galicia. Oxe huxtra pot-os posos eidos e potas nosas vilas un sospetoso andacio rexionalista. Hai que penetrar as intencións, pra separar a pal'a do grau. Chegou a hora de definirmos. Nos, expotemos cartos e traballo. Damol-o exempro. quen non faga o pequeno sacrificio económico de axudarnos a erguer esta folia enxebre, que de chegar a ser diario resolvería moitas cousas de fondo interés patriótico, non terá dereito a chamarse bo gallego.

Os rexionalistas d'ocasión, rexionalistas de "feira dos discretos", renegan da fala gallega, rinsen d'ela. Queren un rexionalismo en castelán; queren un rexionalismo fello do castelán, ido castelán que ten o orgulo de habere enxendrado, cal primoxénito, o centralismo! Esto é pedir peras ó olmo. Esto é facere un corpo sin alma, que é o mesmo que unha cousa sin vida.

Todal-a nosa personalidade está na nosa lingua. Por eso os Amigos da Fala queremos que a voz do pobo, gardadora porvidencial da nosa conciencia colectiva, veña a inxerirse na voz da xuventude villega, pra restituir así entre todos un sentimento, un pensamento y-unha acción que dean mañán o froito proveitoso do rexionalismo enxebre, que fará progresar a Galicia esnaquizando os logreiros y-os labregos.

¿Cómo habemos de darlles fe ós que se amostran rexionalistas, namentras teñen postol-os ollos na escada do centralismo pra

rubir? ¿Cómo habemos de seguire nos rexionalistas que lle deben a súa personalidade o Poder Central? Estes non son dos nosos porque nunca serán Amigos da Fala. Os que se chaman gallegos, renegando da lingua, non teñen mais dereito á chamarse así que os animais y-as prantas que nasceron nos nosos eidos. Elqui doí, hirmáns.

Sere Amigos da Fala, supon espírito de sacrificio, e todo apostolado é sacrificio. O que se diga ou esquirba en gallego, non dará fama na Meseta. Por eso renegan do gallego moitos rexionalistas de pan levar. Por eso o rexionalismo gallego, en gallego, é a nosa bandeira de redención; fronteira pos-la entre o mundo da farsa y-o mundo da verdade. Os Amigos da Fala constituimos, pois, unha relixión d'homens honrados, d'homens enxebres, que quer decer, puros; d'homens que comulgan a cotío c'o rexionalismo integral, ollando á Galicia redenta nos seus corazóns a total-as horas.

Os amigos da Fala seremos, pois, sempre, os gardadores do lume sagrado da patria gallega. Oíde ben: non hai outro rexionalismo que o que se faga en gallego, e si este non xurde, non xurdirá Galicia. Nos somos a pedra de toque onde se probará si as monedas da terra son falsas ou boas. Somos o formento d'un porvir glorioso de dinidá e liberdá: como á rexa d'o confesionario no que hai que facer sempre enxamen de conciencia rexional.

Galicia é unha patria natural con lingua de seu. As dúas columnas do noso idearium, que non tiveron en conta os subrímes Precursores, seguíndose d'eiqui o seu fracaso. Temos unha lingua propia, feitura de Dios e da Natureza, que emprega aínda a maioría do pobo, non habendo gramáticas ni dicionarios que axudaran a fixala y-a pesare de cinco sigros de centralismo: lingua armoniosa que naceu do latín, desgaxada do albre dá soberanía de Roma pra parir o cas-

telo y-o portugués, pra vivire en triunfo por xeito internacional nas Cortes dos reinos nas xustas d'amore; lingua viva que entreda moitos millos d'homens mais alá das fronteiras; que fixo dos gallegos, lonxe da terra, lazurillos espirituais dos castelanos. Y-unha lingua así—mais extensa, mais práctica que a castelana—non é a nosa mellor arma? ¿Poderá esquecerla? Si a lingua é o escudo da personalidade dos pobos, mais forte que as armas, ¿qué loitas ganaremos sin ela? Si a lingua, soamente, dá a autonomía espiritual, as outras autonomías separadas ¿valerán algo?

Hai, pois, unha política pra nos: a política da lingua. Si conseguimos interceitas n'esta política ós novos intelectuais, os generacios que veñen, voltaremos a ver as cotas do pobo que recobra a súa lingua, e así, si mesmo, pensase como se fala, talase como se pensa. Cando morre un idioma morre un pobo. Porque a palabra é o elemento esencial da formación do home. O home-dixo Emerson—é a metade de si mesmo; outra metade é a súa expresión. E nos temos mais expresión que a que nos impo Castela, facendo posibre que Galicia se d'erae chamar, xenéricamente, Castigla.

¿Non vos decatades xa do que queremos? A redención de Galicia está n'estas cousas: no fomento agarinoso da lingua, no estudio dos nosos problemas económicos que non serán nunca, porque non poiden, solución no actual réximen político español. Porque Galicia é librecomunidade por a súa natureza, y-o arañen protectoro feudalismo de Castela será sempre o obstáculo que nos impida poñermos nas condicións de riqueza que teñen outros pobos de Europa semellantes ó noso.

Falade y-esquirbide e pensade sempre en gallego, hirmáns. Por esto fixéronse os cataláns, por esto se les calunia e se bate no Centro, principalmente. C'o deo transixíriase.

«A Nosa Terra» quere que s'interesse a mocidade que ven n'estas cousas. Quere que sorxan ó mesmo tempo que portas e muros gallegos, prosistas da nosa lingua. ¡Vive

mos a forza rexionalista inicial, preparando o advenimento do *Héroe galego, todo galego*, y o noso traballo concruirá por elinguirse c'o loureiro do tranfo! Porque, como dixo Carlyle, non abonda conque apareza o héroe; percísase, ademais, un mundo disposto a recibilo como cumpre; un mundo que non estea feito de servíles e domésticos". E cando apareza ese héroe, dimpóis que nos lle fagamos o ambiente, a literatura galega, a socioloxía galega, a ceneia galega, como as hoxe gloriosísimas de Portugal, feitas n'unha lingua hirma da nosa, adquirirán un valimento universal que abonde pra redimirnos. O valor universal d'un idioma, faino o Xenio. Si traballamos con fe virá o Xenio, o escullor de pobos que percísamos. Non como polípos, sinón como homes de razón crara, axudemos a facer o novo continente espiritual da nosa terra. Estrenemos unha vontade cada día.

Fixadebous en que soy o hai un rexionalismo que nos poida servir d'exemplo: o catalán. Predicar ideas boas non é nada; hai que predicar e dar froito. Cataluña predica e practica, Cataluña encarrón na realidade do pobo a doutrina rexionalista. Cretauda e quen trabaxa nos galegos. Por Cataluña hoxe se chamaban todos rexionalistas. Cataluña alumia a nosa Iberia do porvir.

A traballar con fe. Este boletín e de todos os galegos. A súa dona é Galicia enteira. Non ten outra. Polo mesmo, as súas follas serán dinas de se colleccionar d'acordo con o proxecto d'unha época.

ANTÓN VILLAR PONTE

DE ACTUALIDADE

## Polonia, sempre

Polonia, a desgraciada Polonia, resurxe cal outra vez fénix das súas cinzas, pese os seus séculos de desmembración que sobre pesaban. Ben é certo que este resurxir é un certo punto d'unha gran relatividade: da toita actual fixeron que a desmembración, por fectura d'un cubilete, deixase visible das potencias que agostaron a merecede d'un rei, apareza de novo no campo das nacionalidades europeas como algo vital. Na esfera dos feitos internacionas que actualmente se desarrollan, foi preciso o acordo dos emperadores d'Austria e Alemania pra que o momento sucesivo do resurximento político de Polonia fivese lugar: mais no ferreo das realidadeas non era así: Polonia desmembrada, asabalhada, despoxada, seguía sendo Polonia pese ás repartos, sumisións e despozos; o corpo poído sufrir desarramentos que determinaban un estado semellante á morte; pero non, non era a morte a que imperaba sobre os inanimados despozos, pol-o interior d'eles espallábase vida, anque máis inanimadamente, a súa vital; o espírito lateaba: o ideoma, alma dos pobos, non desaparecera, cultíbase: os polacos asabalhados seguían falando en polaco a despeito de castas tentativas rusas, austríacas e prussianas se fixeron pra destruíralo, e si ben é certo que unhas fronteiras arbitrarias separaban e facían estranxeiros a cidadáos da mesma patria natural, isto soyo tiña lugar en canto á esfera material do propio chan; pero había outon esfera contra a que os homes non podían atender, y esa outra esfera era a espiritual que o ideoma asabalhaba. Podían, pois, os desgraciados polacos da Polonia, da Galicia e da Polonia rusa estar separados por fronteiras que caprichosa y arbitrariamente trazaran os homes; podían hasta

transixir en se consideraren como estranxeiros uns a outros dentro do seu propio país, obrigados pol-as asabalhantes imposicións d'os opresores, mais quedaba unha fronteira, un baluarte pra os polacos acorados, que as arbitrariedades y os caprichos dos despozos opresores non conseguían nunca salvar, y ese baluarte, y esa fronteira mediante a que os polacos nunca deixaron de ser polacos e dentro da que poideron agardar afotos á que un día se restaurase a Inestitela co eles comelida, foy o ideoma, a lingua polaca que arantando, fundindo, por eisi decilo, as vontades y os corazóns polacos, lograron facer de Polonia o bloqúe indestrutible que hoxe, anque es nauqúado e incompreto, resurxe, tan inconfundible e tan seu como nos tempos pretéritos da desaparición, á luz d'un novo día.

E pouco importa que a realidade actual seya pra Polonia unha maneira d'engano, como tal pouco duradeiro, pois engano ou non está xa no ambiente, e si agora a efemeridade non é mais que un feito meramente transitorio, e indubidre que d'autant loita ten que sair a reconstitución polaca. Lembrese a programa que o Gran Duque Nicolas, un nome do Zar de Rusia, dirixeu nos comezos da guerra os polacos, prometéndolles a reconstitución integral, non esmagada como agora soerde, da súa patria.

Polonia, lembranza histórica, mera abstracción d'unha materialidade desfeito, dende o Congreso de Viena foy sempre, hasta o momento presente naba realidade tan ciber, anque morta, por obra esmerada da súa lingua, que lleo a vida de manter o lume na cinza das ansias patrióticas. O que os homes non poideron, poído facelo a fala, e Polonia, que hasta hoxe, dende fai dous séculos, foy soamente pra os seus fillos patria de esperanzas mais que de realidadeas, vey a beber, o que oute loqraban os pequenos estados bálticos emancipándose da Turquia tamén polo milagre da lingua—babado que separou sempre os abafados dos abafadores—o que quizás, muy logo loqrén outros terras libertadas—o retorno a patria natural—por haberen resistido co ideoma o nris prebento que se les quería inocular arlineandolles, uebatán dolles eisi a palabra. Estos son os feitos que a realidade histórica nos amosou, a eles, nos atemos os que consideramos como primordial elemento pra a pivanza y-a solidid: d'unha nacionalidade o afincamento y-o cultivo do ideoma nativo.

ANTÓN VILLAR PONTE

## O CAMIÑO

Molto tempo levamos de despotismo centralista, mais non chegan pra que os diversos pobos de qu'España se compón per desen a conciencia da súa personalidade.

No comén foi o cesarismo quen atencou ás súas liberdades, inda que siquera respectolles o nome; e hoxe ó espallárense a cilo nas leis os dereitos dos cidadáos—pra seron moitas veces granxaría dos caciques, e sistén das oligarquias, que, como súa, máxan a cousa pública,—os das rexións siquen sendo un mito, e a centralización, cada ves mais forte e uniformista, non satisfeito con risealas do mapa, entalando a súa vida no estreito marco da artificial divi-

sión administrativa en provincias, rabañou de firme cobizosa de nos por baixo do seu ideal: O Estado omnipotente y rabil en dono e as rexións sin personalidade nin nome, desfeitas, esnaquizadas, pra formaren unha inxente masa de cidadáos isolados, e separados, pra mais, pol-as diferencias partidistas; e, como consecuencia d'esto, o despotismo caciquil imperante enriba, abaixo, e no medio.

Mais pese ó esforzo centralista, a alma dos pobos que forman España non morre; e o rexionalismo,—non lle chamaremos nacionalismo pra aforrarmonos o tér que nos poider d'acordo sobre de si os conceitos d'Estado e de Nación son una mesma cousa, ou de si o Estado debe e pode sempre encarnar n'unha nacionalidade—que é a aspiración dos pobos a dispören por si mesmos os seus medios da vida en orde os seus fins, a conciencia firme da súa personalidade, inzase por todas partes, e intexa vigoroso nos actos e manifestacións da nosa vida social e colectiva.

Neste orde de cousas é Cataluña quen asinon o camiño que compre recorrer. Os cataláos non son mais rexionalistas que somos os galegos: nos por intuición, por simpatía, ou por reflexión levamos tamén na nosa alma, engarrada co amor á terra, unha lexítima cobiza pol-a esaltación de seu ideal. Mais eles, gracias ó esforzo perseverante dos catalanistas, conseguiron sustantivar a aspiración rexionalista catalana pra faceren d'ela un credo político qu'intorna e dirixe os movementos todos da opinión do seu país. E asina ten de se facere nas demais rexións. Non abonda o amor a Terra, nin os seus vellos costumes, nin siquera,—con ser moito,—a agarimosa estima e o cultivo da fala; da literatura e da música. Compre mais: compre levar sempre por diante a afirmación do ideal rexionalista, depor diferencias partidistas, ou de calquer clas, en aras do interés común, e agruparse na comunión e na propáganda d'ese ideal traballando a res canto as circunstancias permitan por conseguilo, como fan os cataláos.

Nos amamos moito a Galicia, pro pouco ou nada fixemos pra a arrincar das pontas adfrazantes do centralismo que a afogan, e a nosa conciencia debere de nos acusar de non tér xa feito por ela o que os cataláos teñen feito por Cataluña. Comprenos, pois, emendar o noso erro, tornando os ollos ó ideal galego, e, pondo por riba de todo o que é noso, e á nosa garda temos cotillado como herdo dos nosos pasados, traballar unidos sin cansera até obter pra Galicia o rango que lle corresponde como hirma maior das rexións españolas. O verdadeiro patriotismo non o pide; que, ó cabo, nos non poderemos sere los cidadáos españolés si non escomenzamos por ser los galegos.

MANUEL BANET FONTENAJA

Monforte.

## CADRO BRANCO

Rodrigo Sant, home culto, austero, cheo de prestixios ante nos e no Ateneo de Madrid, onde o tesen por mestre, falou sempre en gallego n'unha conferencia notable do «Circo d'Artesanos» da Cruña—que publicaremos axiña—y á fin d'un xantar co que o agasalláron algúns dos seus admiradores. ¡Non tivo vergonza d'emprear a nosa lingua!  
¡Cándo o imitarán os que se chaman seus millores discípulos!

## CADRO MOURO

N'unha festa rexionalista (!) en honore a Rosalla Castro, que tivo feitura no Teatro da Cruña, sogo falaron en gallego, y-en renglós curtos, algúns enxebres das nosas letras. Os mais todos expresáronse no castelao. E pra remache do cravo, un poeta, bon poeta, nado en Galicia e que vive preto d'Ourense, leu uns versos castelanos, facéndose, de costas o sufraxio universal, representante de Castela. Cuneiámo poético se chama esta figura. ¡O gallego non da fama nin proveito na Corte!

## OS POETAS D'AGORA

## A traxedia das follas

Son os días de Outono.  
Son os días  
en que cayen desfeitas, sin arume,  
as derradeiras rosas.

En bandadas,  
sobre do mar, aléxanse, chillando,  
cara ás terras do Sol, as anduriñas.  
O chan escuro; brétemas nos vales.  
De curuto en curuto, a tombos, rodan  
as apomadas nubes da tromenta,  
y-os bruxos estornións, enloitados,  
rayan nas néboas brancas, abafantes,  
os misteriosos circo dos conxuros.  
Vai alodado o río.

Leva arrastro  
as láboas d'un portelo apodrecido  
e, co-as ponlas ó aire, os ameneiros  
arrincados a pe.

Como fantasmas  
de antigos frades, en medosa noite,  
da igrexa en terra no desfeito coro,  
na veiramar, os altos pinos fungan  
o resposo da morte da campia.

Cómo se laya, cando cai a tarde,  
a campana da aldea!

Cómo chora  
suplicante, doída, pol-os tristes  
que sobr-as augas loitan sin amparo  
y-os que entre sombra e neve van a tentas  
o través da montana sin camiños!

Dos olmos da vereda, dos parralles,  
do agoento salgueiral, enronquecidas,  
barballantes de enoxo, sayen voces  
que ruxan bravas os trementes versos  
da traxedia das follas.

¡Ou tristesa  
dos arbres sin paxaros nin follaxe!  
¡Ou impiedá do vento pol-o outono!  
Chega o refacho y-o carballo envolve;  
tronza y-esgasa as ponlas; as follas  
que se queixan mimosas arrincando,  
xoga con elas un instante; lévaas  
ó longo do camiño; contra un valo  
vân-as xuntando, pouco a pouco, en feixes;  
destrónzase de pronto en remuíños,  
ergue o motón, encarraxado brúa  
e, baténdose con rábea tola, guindaas  
nas rodeiras dos carros antr-a lama,  
nas cunetas de fondos enlaxados  
ou nas revoltas augas d'unha aberta...

¡Como esas follas, meus hirmáns gallegos!  
¡Como a lapida arboreada, a terra miña!  
¡Como ese vento, tráxico e bruante,  
os malditos caciques que a asoballan!  
¡Meus hirmáns, meus hirmáns como esas  
[follas]

O legón antr-as mans, no peito a espranza  
veunos a roiba primaveira, abrindo  
o secano que a xiada endurecera.  
Co-as pelras do suor cinguindo as frentes,  
o sol do vran labareoulle as costas,  
mentras os brazos áxiles movían  
as segadoras, rebriantés fouces.

O vil-o outono, ricos na probesa,  
benedican a Dios pol-o milagre  
das mazorcaas douradas e ridoras,  
dos follatos y-a palla garimosa  
e dos áxios que enchían as tinallas,  
cando entraron nas choubas as gavillas  
de ladróns a xornal,—recaudadores,  
escribanos, aloaldes e foreiros,—  
que amostrando os trabucos impoñentes  
das obrigas yas rendas y-os repartos,  
arrasaron a aldea que tembraba...  
e quedaron valdeiros os piornos!

¡Cóm-as follas no vento! ¡Onde Dios  
[queira]

¡Lonxe, ben lonxe! ¡Onde o recordo morra!  
¡Onde a vista do vello campanario  
y-a vos dos fillos non anube a y-alma!  
¡Onde o door non cegue e faga un día  
erguel-o sacho pra vingar a fame!  
Y-alá van!

Dend-o pazo da ribeira,  
o negreiro cacique que os empuxa  
a saída do harco axera rindo.  
E verdá que son moitos e van lexos,  
mais... ¡sobra xente! ¡a duclás sin quei-  
[xaras]

a mansa aldea, frábica de escravos,  
cobre as baixas do exército dos probest!  
Deixal-os ir... que loiten!

O que trunfe,  
si chega a libertar do embargo a chouza,  
deixará na súa ucha de hanqueiro  
rendimento e quiñón. ¡Por mais que faga  
non fuxirá das uñas lagarteiras!  
Diol-os acolla!

Baixo iflorados ceos,  
co-a nostalxia dos eidos mimosiños,

sobre do peito a pouta da morriña  
que afunde as almas como marcha os cor-  
[pos,

o cair para sempre no desterro  
sin o bico dos seus, sin o consolo  
de durmir baixo a terra garimosa  
do adro froilido, na nativa aldea,  
ni-unha crus, ni-unha pedra, ni-un letreiro  
falará dos seus dores ni da impia  
man traicioneira que os botou da patria.

¡Cómo as follas no outono! Como as follas  
que do vento o bruante remuíño  
guinda nas augas podres d'unha aberta  
ou enterra na lama d'un camiño!

RAMÓN CABANILLAS.

## Custiós económicas

## OS TRIGOS E AS FARINAS

Moito—ben e mal—se ten falado e escrito  
sobre da custión do millo na Galicia. E  
non diremos tamén algunha cousa sobre d'  
ela n-outra ocasión. Pero, importante como  
é o tema do millo, nas circunstancias d'hoxe  
temos de o deixar polo d'agora para abon-  
dar na discusión que é actualidá nacional d'  
España: a do aprovisamento de trigos e  
fariñas.

Non son os labregos soasmentes os que  
viven na Galicia; tamen hay gallegos nas  
vilas; que comen pan que n'é de millo nin  
centeo.

Os que costumán de mirar as cousas antes  
de qu'estas se nos oferezan co carácter de  
confritos inevitables, xa saben que hai moi-  
to trigo en Castela pero que nin co él nin  
c'o pouco que se foi importando día a día,  
abonda pr'as necesidás do país.

Mais d'esto; os prezos dos trigos e das fa-  
riñas levan vía de rubil ás nubes.

Qu'os trigos que o país produz non che-  
gan para a susistencia da nación, próbao c.  
feito de que nos anos de 1909 a 1914, incru-  
sive, houbo necesidá d'importar 211.000 to-  
neladas por cada un ano, termo medio. E  
hai que faguer conta de que as colleitas dos  
anos 9 a 12 foron das millores.

Cant'os prezos, abonda con ver as cotiza-  
cións do día: 42, 43 pesetas pol-os cen kilos,  
catro pesetas mais caro que na Franca ou  
na Ingraterra, naciós onde a guerra ten de  
faguer sentir mais directamente os seus da-  
nos.

Así están as cousas. E por ant'esto, a un  
ex-Ministro que leva nos d'entendido na fa-  
zenda non se l'ocorre mais que decir no  
noso Teatro que é preciso renovar a vixen-  
cia da lei de susistencias, e ao Goberno se  
lle dou sementes por meter presa na apro-  
bación d'esta lei.

Nentramentos, os Estados Unidos e a Ar-  
xentina fan saber a os nosos importadores  
por medio da Xunta de Control inglesa, que  
xa non mandarán trigo a España. Haberá,  
pois, que tratar directamente cos productores  
americanos, e ter barcos dispostos para  
tragar o grao. E isto non é cousa fácil.

Son culpas pasadas, imprevisións dos pri-  
meiros tempos da loita, as que temos de pa-  
gar agora.

Si n'houberan feito mercas de trigo e com-  
promisos para outras en cantidá e tempo de-  
bido, cuidando mais que do día que se vive,  
non topáramos n'estes momentos coa mitá  
das dificultás.

Pero moitos políticos están interesados  
direuta ou indiretamente no acaparamen-  
to, e outros falan moito sin darse conta d'al.  
Xa nos dirán.

F. MARTIS MORAS.

## ORIENTACIÓNS

Cando eu digo, ¡Terra a nosa!, non quero facer agravio ás outras rexións hispánicas supoñendoas inferiores; o meu desexo é que un andaluz, un catalán ou un nado en Castela digan tamén cada un na súa fala: ¡Terra a miña!

Este concepto que expresou quen non hai moitos días foi aclamado mestre do movemento da Solidaridade galega que rexurde, envolve un d'eses conceptos craves, que se agarran pol-o grafico da expresión e definen unha política ou un programa.

Cando un di da súa nai qu'è "a mais santa das mulleres", e de si mesmo "qu'è o mais leal dos homes", verdadeiramente no quer significar sinon o desexo de non acharse inferior a ningún; que ningún lle empate no que considera a esencia dos seus mellores sentimentos e da propia estimación.

Que cada gallego pense que non hai terra como a súa, que non hai fala mais rica nin mais doce, significa mais que outra cousa poñer ánimo e vontade en que os aliegos den creto n'eso, porque a opinión que de nos teñan os estranos é o que forma a nosa honra; non o que de nos pensen os outros, mais o que de nos pensen os outros.

Leze cada gallego por diante o lema "¡Terra a nosa!" qu'è o mais exultante vitor en terras de Galicia,—según D. Rodrigo Sanz nos Exo entender na memorable conferencia que dou na Itección de Artesanos a roga da nosa Hircanade de Antigos da Fala,— e os nosos nosos e os nosos pensamentos inspirados no amor de Galicia farán que sea respetada, querida pol-os aliegos, que nos darán a bira que merecemos.

Amemos ás outras rexións españolas para que nos ame: que a simpatía é un movemento recíproco de ánimo e non poderamos pretender axuda nin amor de quen sexa tratado con desvío por parte nosa.

Para xuntarnos no santo amor de Galicia fai falta o tazo que nos é mais común: noso idioma, do que nos será muy útil pensar qu'è o mellor do mundo; mais non pretendamos que o castellano é una lingua inferior; non nos esqueza que o castellano si ben nado en Castela, amantouno en Galicia, e hoxe é o idioma español, que debe a todas as rexións hispánicas e singularmente a Galicia que lle dou a mais valente xeira para facelo home, a soberanía, a nobreza e a maxestade de que goza sobre to-dos da Terra.

Cando vos digan—como xa nos dixeron os amigos da Fala—qu'empreamos xiros e palabras do español para escribir e falar en gallego, ou sea que o gallego que escribimos foi antes pensado en Castellano, e que non falamos o idioma dos nosos labregos, invítade a quen tal cousa diga a que exprese ideas do século XX ou simplemente que fale de cousas marítimas no Castellano que sabe un pastor das Urdes ou das serranías de Cuenca; decidelle que o noso idioma, como o río Guadiana agachouse mais non se perde; deixou de ser lingua literaria de vinte e trescentos anos pero xurdiu da cova ó descuberto mais grande e mais pulido; que os gallegos fixeron entramentes literatura castellana, e que hoxe teñen dereito a recolleren a riqueza que acubillaron no idioma español; que loman d'el o qu'è seu, o que tería o gallego de haberse cultivado n'eses

catro siglos que s'escondeu na súa forma escrita.

Cavilamos que non é lóxico acudir á Portugués, como fan moitos, para remediar as fallas que o desuso creou na nosa lingua; non foi o gallego o que desviou do Português; foi o Português; foi o Português que derivou do noso curso desde foi nacionalizado, as nosas augas correron polo gran cauce castelán, e d'este debemos recadalar río abaixo, non augas arriba onde o ríquel lusitano desviou definitivamente. "Fui a villa e avergoñeime, vin á casa e remedieime", é un refrán dos vellos que podemos aplicar a quen coidade que deberiamos empregar "sécuro" "dúvida" "vontade" "empregar" etc., no canto das palabras de igual significado, que van escritas.

Debemos pensar tamén que non sería bó renunciar á posición que ordenaron o noso favor a Xeografía e a Historia; é para nos doada a fala da que aínda é hoxe terceira potencia colonial do Mundo, e podemos expresar-nos no idioma que axudamos a implantar na América española sin facer estudo especial do Portugués nin do Español O Centralismo, noso verdugo, debemos ése beneficio, como a certas guerras son debidos algúnos pequenos adiantos e como á peste debemos boas costumes hixienicas e sanitarias.

Enxamais acontecerá a un gallego pedir, como escotamos a unha dama portuguesa das Insuas da Madeira, leccións d'Español por serenlle precisas para trasladar sin vida a Buenos Aires. Un gallego, do mesmo xeito se goberna co-a súa fala no Macao asiático que nas Pampas americana.

Podemnos gabar d'esta condición que non teñen outros cidadáns hispánicos, e "non desprezando a ningún", como e coetexia decir na nosa terra, ¡Terra a nosa!

JOSÉ IGLESIAS ROURA.

## ADEVERTENCIAS

O primeiro número d'este boletín, non demostra ben o que han de ser os mais. Foi feito de presa, porque tiña que sair n'unha data fixa, con apremio de tempo.

Entre outras seccións, "A NOSA TERRA" terá as seguintes: "Os poetas d'agora", "Estudios económicos", "Lendas gallegas", "Traducións", "Queixas dos pobos", "Follas Novas (crítica)", "Ouro vello", "O pensamento da xuventude (tribuna libre)", "Novas da causa", "Pensando", "Caricaturas sin chebo".

—Rogámoslle ós colaboradores que non fagan traballos longos, pois a amenidade do noso boletín, require cousas curtas.

♦ ♦ ♦

Cantos reciban este boletín e non-o devolvan, serán tidos por suscritores.

Os nosos amigos de fora da Cruña, rogámoslle manden cuberto a administración de "A NOSA TERRA" o boletín de suscripción que vai na derradeira páxina.

—Como esta revista leráse moito, en toda Galicia, en América, en Portugal e nas colonias gallegas d'España, pode prestarlle bos servizos ós anunciantes, por poucos centos.

♦ ♦ ♦

E xa soyo nos resta saudar a todol-os grupos da nosa Hircandía y-a todol-os colegas gallegos.

## FOLLAS NOVAS

CRITICA DE LIBROS

"Fagamos do cultivo do noso idioma unha relixión de homes dinos."

(D'os "Apuntes para un libro" por Antón Villar Ponte.)

Hai xa días recibin un traballo que debe chegar ó coñecemento de todol-os gallegos. Chámase "Nuestra afirmación regional" e débemol-o a pruma tan nomeada de Antón Villar Ponte.

Quixeron ler axiña, pro hastra onte non me foi posible, porque unha enfermidade m' obriguou a estar no leito hastra onte mesmo.

Sabia eu que sendo un traballo do gran, fillo d'a nosa terra—tan bó o fillo, como bo a nai—tiña que ser cousa de moito proveito.

E abotellas que acertel. Esa "afirmación" é tan nosa, é tan de Galicia, que temos, que debemos facela tamén os demais, ós e outros, cantos queiramos loitar pol-o resurxemento d'as nosas grotias.

"Loitar" dixeran, e non m'arrepinto, porque sei que o restabelecemento da nosa fala hastra levada de novo ós libros dos nosos escritores e as conversacións dos nosos lares e a conciencia de todos, hay moito que facer (a "santa cruzada" a que nos chama Villar Ponte), pois si os nemigos da yalma, que tanto a fan sofrer, son tres, os nemigos da nosa fala non son menos nin mellores.

Eu espíromos que un non s'esforce en d'aprender e falar un dialecto de pouca vida, d'isos que hay pol-o mundo que mais son fillos da ignorancia d'un idioma que mais son fillos da lingua dos que non-ó entenden, que mais necen da currucción do que mal escolta, que d'as necesidas d'os pobos e d'a historia d'as rexións; pro unha fala tan admirabile com'a d'esta terra, tan feticelira e agarimosa como é a de Galicia (por Dios d'o Ceo que da pena que non s'escriba e fale mais), e o qu'è inda pior, que tantos hircandios nosos s'avergoncen de falar o pouco gallego que cozoian, ou teñan a gale o decto que non-ó saben.

¡Meus prohibos! Pois pol-o mesmo que non-ó saben, non-ó falan, que si o soberan com'è debido xa p'falarían de cote, e non soberían falar de suas mais sinon en gallego, nin acertarían a falar co as suas noivas, y elas co eles, senón en gallego. Tiro a decir que d'os centos de lénguas que n'a terra se falan, n'haverá de certo algunha que millor cante os amores d'a yalma e mellor disperle os latexos d'o corazón; ela cal algunha, fal o milagro de que n'as suas palabras creza o amor d'o mesmo que os di, porque ven a ser a fala gallega, e'a dozora que Dios lle dou, un linguaxe prumo d'os ángeles e o único que poden falar, si o saben, dous gallegos que ben se quicim; en vin sempre como os amigos canto mais amor se teñen, mais emprean a nosa fala, e más a emprearían aínda si mais se sobera.

Pra alborotar e renir calquera léngua sirve abondo, pro o qu'è pra quererse... n'hay linguaxe com'n noso.

De cantos idiomas veñen d'o latin, d'isa fonte sempre fresca, que mais que fonte poidéraselle chamar maxestoso mar, eston moi certo de que ningún se presta tan ben com'o noso pra dispartal-os sentimentos mais fondos d'o peito e cantalos, pra falar agarimos e escribil-os, pra dispartal-os sentos e facer poetas.

O esquecida que está hoxe a nosa fala, a imortal Rosalía Castro cicais houbera mor-

to si a lénxoa en que escriben non tivera ese sentimento que non pode morrer mentras Galicia teña un fillo que sepa selo.

Quítalle á "Virxen d'o cristal" o doce d'o espírito gallego; pódete n'outro idioma os subrímes pensamentos de Rosalía e veredes un corpo que s'empobeece; xantad'os versos gallegos c'os castelános de Añón e decideme si hay comparanza; pódete en castelano "Por mor d'unha copa" de Lamas Carvajal e xa me dirés onde vai a viveza que ten. Pro pódete en gallego unha poesía calquera que sea d'o voso xeito e veredes como sin darvos conta, hañadela mais sentida. Mentras haxa ríos de tanta auga en Galicia non morren os nosos vales, que son d'os millares d'o mundo; mentras podan andar os nosos labregos, que son os máis sufridos d'a terra, Galicia mantén a Galicia, e, aínda escrava como está, tendo que manter a moitos mais, a nosa terraña vai dando pra todos; pro, por eso, fai falla ir mirando por nos, que pouco a pouco as enfermidades nosomen a vida, e a escravitu é a morte d'os pobos...

Así tamén mentras haxa gallegos como Villar Ponte tan amigos d'a terraña, a nosa fala non morrerá, pro...

Pro Galicia chora, a nosa nai xeme cohibosa de qu'os seus fillos volvan por ela. Deixou esquecer os seus dereitos e agora temos que levantarnos todos pra rompelas fortes candeas con que se deixou atar; deixou esquecer a súa fala facéndose escrava d'outra menos que ela, y hay que devolverl' esa fala, qu'è devolverl' a libertá.

Xamais con tanta verdá se pode dicir que o amor ó language d'os pobos é a medida d'o seu valimento.

Gallegos, amad'a fala gallega, e seremos canto queiramos!

Seguid'os consellos de Villar Ponte y a dirección de todos os nosos amigos da fala!

Pol-a miña parte, dareivos un consello: cando faledes gallego (falades sempre) non inventés palabras pol-o medio de que seia d'o idioma castelano, que si son castelánas, poden ser ó mesmo tempo gallegas, pois sendo antrabás a dúas lénxoa filias d'a mesma nai, né posíbre separal-as de cote, tñn hay pra qué, porqu'ò fin e ó cabo entre todos os fillos—mal que nos esté o decillo— como o milloríño que hai.

"Non lonxe, ha de vir un tempo en que sin sair d'a terra, terán traballo os que hoxe van a buscalo n'as segas.  
¡Canto tardas, cobizada  
rejuvenación gallega!"

E. VAZQUEZ GUNDIN.

Ortigueira 16 octubre 1916.

**FUNGUEIRAZOS.**—Contos gallegos por Roxello Riveiro.

Hastr'as nosas mans chegaron un libríno imprentado pouco tempo hay en Ponteareas. Escribiuno Roxello Riveiro e ten por nome ó de *Fungueirazos*. Trátase de un feixe de contos gallegos y esto fíxonos recuar un pouco, rascando a orella denantes de abrílas follas do volume. ¡Hai tan pouco, por disgracia, en que escoller n'esta materia!

E vello mal entre nos ó de coidar que os contos gallegos chamados charrusqueiros han de ser por forza, cadre ou non, da cór da berza cando non do tomate. Algúns que empregan o seu tempo en axuntar ditos e r'obances pra dar folganza ao espírito entre reunións adivirtidas, xulgan que canto mais pliquen e magoan os ouvidos as salidas do seu inxenio, mais enxebreza habrá neste. ¡Malpocado quen de tal sorte pensa!

Cantos temos pasado algunha parte da nosa vida nos ruciros aldeas, sabemos d'abondo que hay en boca de petrucios sen'encias e lendas que ensinan ben hastra donde chega a sotileza do espírito rexional. Limpas de verbe e de pensamento, hay centos e centos de contos gallegos que cautivan a quen-os escolta. ¡Pra qué foxar nas lameiras si a risa y-a fluira da moralexa tópanse mais axiña fuxindo das parolas ber-mellas?

Os contos que D. Roxello Riveiro chama *Fungueirazos* coxean un pouco do mesmo pe que nós topamos dino de ser cortado do noso léxico. Hay neles, no obstante, madeira boa, sana e forte, do tronco enxebre, y-esto aconséllanos chamar a porta intelectual do autor e pedirle que suba da enxa no sobrado, sacando d'ali o froito maduro, ben limpo e relucente que sirva de proveitoso xantar a fala gallega.

En *Fungueirazos* hay contos que detran magoa no leitor; haynos que chantan os dentes nos costumes de cregos, e fírra e racha sin piedade; haynos que pasan un anaquillo mais alá do camiño da picardía que a boa crianza consiste; pero haynos tamén que son craro espello dos feitos aldeas e da raperosía e a gracia da terra, sin ferir sentimentos nin crelos. Por eiquí, por eiquí, D. Roxello. Tal é o camiño dereito pra chegar a donde seu mérito merece.

Seips, pois, o señor Riveiro, que temos leido os seus *Fungueirazos* e que lle damos a verdade, sin requilatos nin lerias.

En outro número de este Boletín daremos nos lectores algunha mostra dos traballos do señor Riveiro. Téñanos este por uns nos amigos.

R. FAGINAS.

## A CRUS

(CONTÓ)

Aquel día non se falaba d'outra cousa na aldea. Chegaría da Graña pol-a tarde un revolucionario chamado D. Rafael, que andaba predicando en contra dos curas e da relixión, coidando que o que certas xentes cavilan nas vilas pódese faer e dicir entre labregos. O cura da freguesía xa tñn avisado á todos os vicíños que de ningunha maneira escoltaran a parola do revolucionario. Pero como aquilo que mais se nos priva e sempre o que mais nos degora, exportárase o desexo de iren á oila.

Acórdome como se fora hoxe, inda que fai mais de corenta anos que soreden. No solo pequeno, á carón do mesmo cruceir de pedra que ten un cristo moi ben tallado, erguérase un palco,—como o que aínda hoxe s'ergue en Riobas para botal-o sermón do antróido,—cuberto de loureiros e de xalpana. Enriba de todo estaba erguelta a ha bandeira amarela e hermelha, que o vento arrandeaba docemente sobre da cruz, ne que algunhas veces quedaba envolta como en solene e agarimosa aperta.

Por fin chegou don Rafael o Redentor, como lle chamaba o escolante, que era moi seu amigo, e, según as mala linguas, tñña as suas mesmas opinións. Diante viña o galteiro Chinto, mais tesó que un esteo, tocando unha argallante e leda nuñeira; e ó seu rente, un paisano botando foguetes.

Como era unha tarde de día de festa, xuntárase moita familia. All non faltou Martiño, qu'era un vello con mais sozora que un andalés e mais retranca que un cacique riñán. Estaba arrimado ó palco, púlpito ou o que fose, sin quítar olo do predicador forasteiro.

Don Rafael subeu ó taboado, e comenzou

a falar en castelan, empregando verbos que non entendiamos ben. Era unha lástima, abofellas, que non houbera falado en gallego, que daquela entenderíamolo mellor. Pero estas xentes da vila son así; falan entee nós sin decatarse de qu'están en Galicia.

Falou en contra dos caciques,—e aquí apraudia canto puiden;—dixo que os pobres éramos carne de cañón, que sobre de nós pesaban todos os trabucos conque se mantñan os zamezugas da política; que nas escolas d'aldea non se ensenaba cousa que fora de proveito para os labregos;—e n'esto tamén se lle dou a razón—; despois arre-matou dicindo certas cousas da nosa relixión, que inda nada dixésemos, non nos facían moita gracia.

Neste momento o taboado, palco, ou o que fose, chirriou un pouco. Despois emendrelouse de todo facendo un grande estrondo. Don Rafael deu un pulo para non derrearse, e quedou fortemente abrazado a cruz, cos ollos abertos d'unha carria como se para el fora chegada a fin do mundo.

—¡Oul! señor don Rafael—dixo entonces Martiño,—se non fose a cruz levában-o demó!

A risa da xente foi moita. En digamos, en verdade, que me dou moito que cavilare o dito de Martiño, que mesmamente ten moita sabidencia e intención que moitos homes de letras.

ASIEU MEDRE.

A XENTE D'ESTE BOLETÍN

### Redutores e colaboradores:

Ameixeiras, Danet Fontenla, Barreiro (El sardo), Blán o Torres, Balas, Baldomir, Bidegain, Cabanillas, Cabeza León, Cabo Pastor, Conellas, Galvo, Garbafal, Gari, Gálvez, Gouvea, Gurlén, Dato (Elbueno), Dard, Julio, Escudero, Faginas, Fernández Martiño, García Hermida, Garcíaaduy, Herreño (Francisca), Herreño, Iglesias Baura, Manuel María González, Ingrás Freixo, López Abente, Lence Guillán, López Carballeira, Murguía, Martínez Fontenla, Martínez Salazar, Martínez Moras, Montenegro Saavedra, Muriños, Noriega Varela, Novo Peña, Otero Arce, Pérez Luxin, Peral, Porteiro García, Pena Miró, Peres Nado, Pla Zubiri (Nani), Portela Pérez, Pérez Placer, Raf Galina, Ribalta, Rodríguez González, Rodríguez López, Rodríguez Elias, Rey Alviré, Sanz (Rodrigo), Telhanes y Tallo (Victoriano), Toubes, Varamonte, Villanueva (Valentín), V. Santos (Nani), Valente Oramp-Valeáreal (A.), Vazquez Gándin, Villar Ponte (A. y R.), XII Casares, Casal e outros.

PALABRAS DO MESTRE

### Os fundamentos

... E neste seu principio o faláremos en gallego, que xa era un carño dos estimados pra quen som'ites en gallego sabe falar...

Andámos ledos sin azedos receios nin coñecidas, indo por toda a nosa terra, como por elras e leiras d'irmás, mirando labores, admirando paraxes, oíndo cantos, escoitando lendas, garimando nenios, purolando con nosos e vellos... E neste o principio seu deprender os nosos alabes e alboradas, os cantares e tonadas dos nosos campos, ou deles recollidos pol-os nosos mestres en música e poesía.

E traballemos, traballemos a toda de ca

lio, coas más e co máxin, animosos e firmes, estudiando e mais facendo, trazando e mais emprendendo, en labranzas e finanzas, minas e frábicas, trafego de mar e de terra, camiños i escolas, ministración e goberno... E neste sean principio as custias económicas do noso laboratorio que todas foron xa formuladas nas Asambleas agrarias de Monforte e Ribadavia.

Falar, cantar e traballar, velahi os fundamentos ben atopados do que tanto afanamos. Ese quen virá enriba deles, e se verá e sairá do chan, como a casa sobre dos cimentos. Cimentos son: o traballo como as pedras, o arte como o cal, a fala como a augua da fonte que fixo a mesura, e despois a do ceo que filtra por todo i a mariza.

Son os mesmos medios e modos para calquer rexión, e mais para calquer home. Porque un home ha de falar pra vivire por si, e canto mais falando e de falas mais suas, menos calquera; ha de cantar ou gustare de música ou versos, pra ter corazón, e canto mais corazón e mais cheo mais home; i a de traballar para medrar, e tanto mais traballador e desperto (sendo honrado) mais rico, mais respetado, mais influente, mais quen...

Si, si. Falemos en gallego, e seremos mais uns. Daprendamos cantares dos campos e cantos dos mestres, e seremos mais nosos. Traballaremos, énfín: que a compás de mais nosos e mais uns, iremos sendo puxantes estudiando i aprendendo labranzas e finanzas, minas e frábicas, camiños i escolas, ministración e goberno desta nosa terra que saudamos có reloucado viva: ¡Terra a nosa!

Rodrigo SANZ.

## PENEIRANDO...

Urzaiz, Urzaiz...  
Armouna boa. Alborotou a xaula de grilos do Parlamento.

Pro non deu no cravo.  
Falou de prevaricacións, e botou man do Dicionario e do Código Penal.

E todo ¿pra qué?  
Pra que lle chamamos o "Anxel" malo. E logo din que é "da oliva" o pobo que él representa nas Cortes.

Urzaiz semella un feigo.  
Mais non soubo sair ben do paso honroso. Foi un Don Suero de double.

Porque imos a vere: ¿Non somos todos prevaricadores?

¿Non prevaricaron os nosos primeiros pais?

Logo... ¡A Biblia!

Sabiamos que en Arzúa, pobo que está á man dereita indo pol-a cabeceira da Diputación provincial da Cruña, hai unha rúa que se chama de Guillermo II. (sic).

E agora, cando vimos que un "Beño Trompeta" tomou por asalto a cota 29 da vila arzuana, sin disparar un soyo tiro, dixemos pra o noso chaleque: ¡Viva a Galicia (léase Galicia) guerreira!

¡Que novo lenzo de tipos d'Arzúa podería facer Sotomayor!

Con tubos de óleo... democrático-hidráulico unxidor de cuneiros.

Xa se coñece, Solidaridad, que, inda tendo nome de muller, non te chamas Emilia.

D'os sucesos do Porto do Son, ¿qué?  
Que... son... son... son moitos mais.  
Osera fora.

Pai algún tempo, leimos que os médicos forenses de Pontevedra nomearon persiden te honorario seu ó conde de Romanones.

Bon homenaxe ó médico do Pobo.  
Y-os de moitos outros pobos.

¿Outra asamblea na Cruña?

¿Outro viaxe d'outra comisión a Madrid?

¿Outro "programa mínimo"?

Así din de Santiago. E non nos parece mal.

Veña, veña a nova ventoleira de proxectos. Veña a nova chuvía de telegramas. Siga o temporal reformista. E fágase outra reprise de "A cea das bulras", pol-os aficionados cruñeses, en Madrid.

Todo os días se preguntan nos ministerios e nas redaccións dos xornales da Corte:

—¿Houbo algún telegrama da Cruña?

¿Non veu aínda? ¡Malpocado! ¡Qué pasará?

Hai quen di que axiña pregoaránse na Porta do Sol, da Corte, unhas historias, c'o este xeito:

—¡¡Apuros que pasaron un Abade y un Alcalde gallegos ó chegar a Madrid!!

E hai tamén quen se lembra d'us versos do *Quirote*, parodiándoos d'esta maneira:

Non... viaxaron en balde  
o un nin o outro alcalde.

## MÚSECA E PINTURA

¿Que lles parecería ós nosos lectores o feito de que, na Cruña, alá para a primavera ou o vran, estrenárase unha ópera gallega, en gallego, letra do gran poeta Caballero e música do mestre Soutullo, con decoracións de Castelao e interpretada, entre outros artistas, pol-as señoritas Nieto e Trapote?

Pareceríalles ben, moi ben, de fixo. ¿Non é certo? Como que sería ademais un bo paso en pro do teatro gallego.

Pois... poidera ser que fose. Non é cousa doada, pro... xa veremos.

Pénsase nelo.

Tamén pénsase, como sabedes, n'unha Exposición de pintura gallega ideada do artista Sotomayor.

Pois si se fai esta Exposición e s'estrena aquela ópera, bon ano pra Galicia.

¡"Liga d'Amigos" cruñesa, amantes do arte rexional, fagamos ambiente! E o momento.

## TRADUCIÓS

### A PREHISTORIA

#### CONTTO ESTRAVAGANTE DE AZORIN

Estamos no comenzo do comenzo.

Wells.

—Eos días, querido mestre, ¿cómo lle vai?

—Xa o ve; sempre no meu taller abofexado c'o a miúa grande obra.

—Fala vosté d'esa obra admirabile, que todos agardamos: *A Prehistoria*?

—Certamente; n'ela estou ocupado n'estes momentos. Xa pouco falla pra que a des por finada.

—Haberá vosté chegado quizáis ós linderos das épocas modernas da historia?

—Acabo, si señor, de poñer as derradeiras liñas a miúa descrición do período da electricidá.

—¿Será un interesante período ese da electricidá?

—E o derradeiro estado da evolución do home primitivo; xa dende eiqui comenza a fonda transformación que os historiadores coñocen, é decir, comenza a eira do verdadeiro home civilizado.

—Moi ben, querido mestre. E ¿logrou vosté moitas novas d'este misterioso y-oscuro período?

—Logréi, ante todo, determinar como vivían estes seres estranos que nos precederon a nos no usufruto do chan. Sei, por exemplo, d'unha maneira certa que estes seres vivían axuntados, amontoados, aprefullados en aglomeracións de vivendas que, o parecer nomeábanse *ciudades*.

—E verdadeiramente curioso o que vosté cóntame. E ¿cómo poderían vivire estes seres n'esas aglomeracións de vivendas? ¿Cómo poderían respirare, movérense, bañárense no sol, gozare do silencio, sentire a sensación doce da soedá? E ¿cómo eran esas vivendas? ¿Eran todas d'un mesmo xeito? ¿Faciannas diferentes, cada un ó seu atoxo?

—Non; estas casas non eran todas iguais; eran difrentes; unhas maores, outras mais pequenas; outras molestas, estreitas.

—¿Dixo vosté, querido mestre, que unhas eran estreitas, calvas, molestas? E dígame vosté, ¿cómo podería haber seres que tivesen o gusto d'habitare en vivendas molestas, estreitas antibixiáticas?

—Eles non tiñan este capricho; pro forzabánilles a vivire d'este xeito as circunstancias do médeo social no que se abalaban.

—Non enxergo nada do que quer decirme.

—Quero decir que nas épocas primitivas había uns seres que dispoñían de todol-os médeos de vivire, y-outros, en troques, que non dispoñían d'estes médeos.

—E intresante, estrano, o que vosté me di. ¿Por qué razón estes seres non dispoñían de médeos?

—Estes seres eran os que entón chamábanse *probes*.

—¡*Probes!* ¡Qué berve tan curioso! E ¿qué facían eses *probes*?

—Eses *probes* traballaban.

—¿Eses *probes* traballaban? E si traballaban eses *probes* ¿cómo non tiñan médeos de vida? ¿Cómo eran eles os que vivían nas casas cativas?

—Eses *probes* traballaban; pro non era por conta de seu.

—¿Cómo, querido mestre, pódese traballar si non é por conta d'un? Non-o entendo a vosté; espiqueme vosté esto?

—Querse decir, que este seres que non tiñan médeos de vida, c'o ouxelo d'achegarse a mantenza diaria axuntábanse a traballar n'uns edificios que, según averiguéi, levaban o nome de *frábicas*.

—E ¿qué viñan ganando con axuntarse n' esas *frábicas*.

—Alí todol-os días dabánilles un *xornal*.

—Di vosté ¿*xornal*? ¡E será este algún nome da época!

—*Xornal* é, certamente, unha verba que oxe non comprendemos; *xornal* era un certo número de *moedas*, que de cotío exudicábaselles pol-o seu traballo.

—Agarde un pouco, querido mestre; perdoeme vosté outra vez. Ouvin que dixo vosté *moedas*. ¿Que é eso de *moedas*?

—*Moedas* eran uns anacos de metal redondos.

—¿Pra qué eran ese anacos de metal redondos?

—Estes anacos, entregándoos ó dono d' unha cousa, este dono entregaba a cousa  
—Yeste dono non entregaba a cousa si non lle daban estes anacos de metal?

—Parece sere que non ll'as entregaba.  
—Abofé eran ben estranos este donos!  
—E pra que querían eles estes anacos de metal?

—Parece sere tamén que cantos mais anacos d'estes se tiña era millor.

—¿Era millor? ¿Por qué? ¿E qué estes anacos non-os podía tere todo o que os quixera?

—Non, non podían tel-os todos.

—¿Por qué razóns?

—Porque o que os collía sin seren seus era pechado n'unha cousa que chamaban o cárce.

—¿O cárce! ¿Qué significa eso d'o cárce?

—Cárce era un edificio onde metían a uns seres que facían o que os mais non querían que fixesen.

—¿E por qué eles deixábanse meter allí?

—Non liñan outro remedo; había outros seres con fusiles que obrigábanlles a elo.

—¿Duvín mal? E fusiles o que vosté acaba de me decire?

—Dixen, sí señor, fusiles.

—Que é eso de fusiles?

—Fusiles eran unhas armas das que iban puñados algúns seres.

—E con que ouxeto levaban os fusiles?

—Pra matar os mais homes nas guetras.

—¿Pra matar os mais homes! Esto é abante, querido mestre! ¿Matábanse uns homes a outros?

—Matábanse os homes us a outros.

—¿Poido creelo? ¿E certo?

—E certo; doulle a vosté miña palabra d' honore.

—Vai me vosté a deixar purvo, abrayado, querido mestre. Non sei que é o que vosté quere me decir co as derradeiras palabras.

—¿Palá do honore?

—Perdoe vosté; esta é a miña obsesión actual; este é o punto fraco do meu libro; esta é miña fonda contrariedade. Repetía instintivamente unha palabra que v'n espallada a oito nos papés da época, sin chegare a atopar o seu sentido. Espriqueille a vosté o que eran as *ciudades*, os *probes*, as *frá pieas*, o *xornal*, as *moedas*, o *cárce* y os *fusiles*; pro non poido espricarlle a vosté o que era o *honore*.

—Quizáis esta era a cousa que mais toleaturas y adunadas facía cometer os homes.

—E posibre...

AZORIN.

NAZONALISMO GALLEGO

## UNHA MAXISTRAL CONFERENZA

O "Eco do Teo", boletín que se publica en Bos Aires, no derradeiro número da s onocere a notabile conferencia que, na sua redacción, pronunciou o 21 de setembro Xaquín Pesqueira.

Todos sabedes quen é Pesqueira. Pol-o mesmo abondaría c'o dito pra que naide udase xa dende agora de que a conferencia a cuestión ten todas as características d' unha obra maxistral.

Esa conferencia, como a de Rodrigo Sanz, lemóstran que hay na nosa terra pensados tan fondos que fan posibre o espreguamento do optimismo y-a esperanza nun orv'ir fecundo e gorrioso.

Noméase a de Xaquín Pesqueira "Os nacionalismos ibéricos.—O nacionalismo gallego. (Exéxesis d'un folleto do Sr. Villar 'onte)".

E traballo pra divulgar; traballo brillante, feitaura d'un esquirtor novo moi gabado ó-a intelituidade argentina.

Dadall-as suas dimensiois non e posibre abricalo oxe. Pro terá cabida n'outro número d'este boletín. Convén que o conozca a xuventude gallega. Mais, namentras non salia a luz, nosoutros mandámoslle a nosa boa, c'unha aperta, a Xaquín Pesqueira. Logo todol-os lectores axuntaránse a nos pra apraudilo.

ENTRO BELLO MARCEL Y-O RAPRO CUINTO

## LERIAS DA VILA

—Vestir de semellante maneira que os señoritos e levar camisa limpa ¿cadra beu con falar gallego?

—Coído que sí.

—E logo ¿cómo díaños é que onte a noite porque outro hirmán e mais eu íbamos en conversa na nosa fala rúps adiante, mais d'unha vez mirábanos certa xente cou bora aberta? Serían parvos ou extranxeiros?

—Parvos d'esos hainnos a feixes, anque se teñen por listos y-a souna de tales córrelles polo mundo adiante. Nados eiqui ou acolá, ¿qué mais ten? sonche extranxeiros d'espriu, meu fillo. D'eso hay abondo que parolar, y-eso faremos, Dios diante, si ti queres, que tempo e terreo que sachar non han faltarnos.

♦ ♦ ♦

—¿Ti tes ouvido da señora de Carozo?

—Seica sí, anque non perciso onde foi.

—Pois bota de conta que a señora de Carozo vive n'esta rúa e mais na outra e na outra, que trunfou hoxe, onte e antonte, que é de todol-os tempos...

—Non... léveme Xudas si non hay mais carozos, machos ou femias, polo mundo adiante, que pallas nos paleiros e areas no mar.

—D'esos Carozos e Carociños, leven faldras de dona rica, levita de señor maor ou prendas de rapás *dandy*, imos facer antr-eu e mais ti, uns cadros de comedia que farán rir a xente.

—Por min, cando queira erguémol-o telón pra que escomence a farsa.

—Por hoxe non faremos mais que anunciar.

—D'aquela [terra a nosa! y-hastra o número dous da NOSA TERRA

O COUTELAN

## NOVAS DA CAUSA

Hai que començar pol-as vellas, pra chegar ás novas. Dende mayo está constituída a Hirmandade da Fala. Iniciouna a Cruña. Logo, fondon facéndose grupos en Santiago, Monforte, Ourense e Pontevedra. No Ferrol tratou de constituirse, pro fracasou o bo intento. Y-é lástima, xa que all cóntase con notables elementos.

Agora acabase d'organizare en Villalba. Axiña s'organizará tamén en Carballiño, e coldamos que en Mondoñedo, terra d'artistas e de grandes patriotas, así como n'outros pobos.

A "Asociación Iniciadora e Protetora da Academia Gallega" na Habana, o mesmo que ó Centro Gallego y-os nosos boletíns regionales de Cuba, acolleron con moito agrimo, brindándolle todol-o seu apoio, á Hirmandade da Fala.

De Bos Aires y-outros lugares d'América tamén temos recibido parabés e adhesións. O mesmo de moitísimos gallegos que viven en Portugal.

Os "Amigos da Fala" da Cruña, fixeron tres xiras á campia: unha ó monte histórico d'Elviña, a que asistiu o xenial poeta Cabanillas. Tivo por escenario o pinar que, de lonxe ollado, semella un corazón. Outra a Pontevedra, onde foron acaramos polo-

pobo que levaba ergueita unha bandeira gallega, mentras soaba a gaita. E outra a Cambre, preto do peítico rio. En todas houbo discursos e lecturas das poesías dos nosos millores vates. Os "Amigos da Fala" da Cruña, tomaron tamén parte na Festa da Raza, lendo un dos seus membros un discurso en gallego. Organizaron igualmente unha serie de conferencias, que inaugurou o mestre Rodrigo Sanz, de maneira admirábel. (Esta conferencia, a millor difinición que hata agora se fixo do noso rexionalismo, publicarémola en folletín moi axiña.) E pensou aínda traballar polo-o resurximento do teatro rexional. Tamén, cumprindo os estatutos da Hirmandade, nomearon mestre o fícar o primeiro semestre da constitución d'aquela, a D. Eladio Rodríguez González, polo-a fermosa poesía "Orvallada" que leu na xunta xeneral.

Dánsse, por outra parte, leicións de gallego todol-os miércoles e sábados na Academia Gallega. Estas leicións dáyan o mestre D. Manuel Lagrís, un dos mais enxebres hirmáns, asegurado polo-o douto académico don Florencio Vaamonde.

Y estréitánsse as relacións c'os rexionalistas cataláns, quenens virán axiña a Galicia en viaxe de porpaganda.

Os "Amigos da Fala" de Santiago, publicaron fai poucos días unha tolla enxebre, louvando o valente hino d'Alfredo Brañas. Pol-o vran fixeron notables excursións a campia, conseguindo axuntar a elas moitos obreiros y-obreiras. O Doctor Porteiro, c constituirse a Hirmandade, pronunciou un notabile discurso, que logo foi imprentado. Oxe preside o grupo compostelán o cultísimo profesor e mestre D. Salvador Cabeza León. Este grupo prepara unha serie de conferencias, que darán os señores Cabeza, Xil Casares, Vidal, Robredo, Cabanillas, Lagrís, Freire, Rey Sofo, Villar Ponte e outros.

Os "Amigos da Fala" d'Ourense, dirixidos polo-o dino gallego Sr. Ameixeiras, fixeron, o día da festa dos mortos, un acto solene ante a tumba de Lamas Carvallal, que reseñaron os xornales da Terra.

Os de Pontevedra e Monforte, tamén venñen traballando con fe y-entusiasmo. Sobre todo do grupo de Monforte, que ten por conselleiro 1.º ó gran patriota Banet Fontenla, pódese decir que é cousa exemprar. O de Pontevedra, preside o Sr. Gastañaduy.

De todol-o relacionado c'o noso movemento, faremos reseñas coitadadimas nos números siguientes d'este boletín. Publicaremos tamén os nomes dos hirmáns que compoñen os consellos directivos, así como os proxectos que teñen us e outros. Elo servirá d'estímulo pra todos.

Tamén daremos conta de cantos actos de galleguismo se fagan na terra ou fora da terra.

Pason dous días na Cruña o doctor Manuel Banet Fontenla, conselleiro 1.º da nosa Hirmandade en Monforte. Aquí saudárono moitos dos nosos correligionarios que deseaban estreitar a man d'home tan culto, verdadeiro mestre de galleguismo. O señor Banet Fontenla, asistiu a derradeira leición da nosa fala na Academia. Unha aperta estreita e garimosa ó gran verbe da causa en Monforte.

Tamén estivo na Cruña unhas horas simpático, culto y-elocente abogado e profesor da Universidad de Santiago, modelo dos gallegos, Luis Porteiro Garea. Invitouse-lle pra que des a segunda conferencia das organizadas polo-os Amigos da Fala, na Cruña. Inda non está desinada a data.

La Coruña: Imp. de LA VOZ DE GALICIA.